


A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redaición e Administración: Praza Maria Pita, 17, baixos, CRUÑA

FORD

Enorme reducción de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 6.750	4.480
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 8.100	6.300
VOITURETTE » 2 » » sin »	» 7.450	5.790
DOBLE FAETON » 5 » » con »	» 8.650	6.630
DOBLE FAETON » 5 » » sin »	» 7.950	6.125
SEDAN (coche cerrado con arranque)	» 12.200	12.050
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 8.050	5.875

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entienden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non admitindo devolta dempois da saída do almacén

Payo Gómez, 5 A Cruña **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 147 — 15 SEPTIEMBRE 1921

JORNADAS TRASCENDENTES

Portugal e Galiza no bon camiño

O primeiro acto de intertroque cultural e artístico
entre portugueses e galegos

O ilustre pensador Leonardo Coimbra na Cruña



A data do 4 de Setembro do 1921 é para nós unha data histórica, unha data inequívoca. Pola vez primeira unha representación dos máis altos valores da intelectualidade portuguesa, sumándose a elementos artísticos de valía, pasou o Miño c-o obxecto de coñecer e estreitar lazos d'afecto co'a intelectualidade da nova Galiza, da Galiza das Irmandades, que é a verdadeira e única Galiza.

A Nosa Terra e a lusitana—prescindindo do vello e murcho hispano-lusitanismo, do vello federalismo e das

máis frases feitas hocas, comenzaron a se entenderen directamente, coma irmás arredadas por mor de intermediarios molestos durante séculos, para acabar sellando un pacto íntimo e cordial, con sangue d'un comun espírito, que ha traguere para ambas patrias un futuro glorioso e trascendente, útil á humanidade.

Cambó ten dito que a clave da solución do problema catalán está no Portugal e na Galiza. Villar Ponte dixera tamén que no Portugal e na Cataluña, mas no Portugal especialmente, ha de acharse a clave da solución do pro-

blema galego. E as dúas frases foron comentadas de modo admirabel n'un xornal do Porto pol-o insigne Pina de Moraes, mostrándose conforme con elas para concluir expresando a súa fe na posibilidade dos intentos pangaleuistas.

Eis como imos pol-o bon camiño. As correntes de simpatía mantidas desde fai algún tempo, con grande fortuna pol-os xornaes portugueses a favor da Galiza e dos xornaes e revistas galegos en favor do Portugal deron como froito primeiro esta visita do Orfeón portuense e do Dr. Coimbra a Cruña.

Sería un crime que a nosa terra e a terra portuguesa andivesen a seguir vivindo de costas, com'o estiveron até aquí por mor d'unha mediatización castelá — allea á alma común dos dous países que rega o Miño, o Miño que nace e morre na Galiza. Liganos o sentimento da saudade, que ninguén agás portugueses e galegos posén no mundo. Ese sentimento que Teixeira de Pascoaes, o irmao e o mestre, nó de alianza entre nos e a Lusitania, a quen os nacionalistas galegos consideramos como o poeta xenial que ten a alma vibrante, feita con almas das dúas patrias, estudou de modo maravilloso e cantou con cántigas inmortalas.

Ora é Leonardo Coimbra, unha das mais fortes mentalidades europeas contemporáneas, correspondéulle ser o que fixera o miragre da encarnación das ansias luso-galaicas n'unha realidade que ha resultar fecunda. O seu verbo elocuentísimo, verbo de tribuno admirable e d'apóstol espallador do criacionismo — foi o encarregado da creación do novo estado espiritual que traxerá o estreitamento trascendente de dúas terras irmáns para que rematen sendo como unha sola no futuro. Foi o que tivo a sorte de pronunciar o surge et ambula que pode nos levar a gloriosos destinos.

Leonardo Coimbra na Cruña escriveu un novo capítulo da Historia galega. E él e os mais elementos artísticos e culturaes que nos teñen honrado co'a súa visita, seguramente teránse decatado de que non como alleos, nin siquer como amigos, senon coma irmaos, recibímolos acó.

¡C'os brazos abertos vos agardamos e vos agardaremos sempre, portugueses! ¡C'os brazos abertos, o corazón a latexar n'un ritmo d'afecto sincero e fondo e con a alma chea de saudade...!

Pol-a Galiza adiante

Desde entraron os portugueses na nosa Terra comenzaron a recibir mostras d'agrimo. N'Ourense saudounos unha selecta representación do nacionalismo galego, na que figuraban moitos irmaos d'aquela vila á cabeza dos que achábase o profesor de Filosofía do Instituto de Pontevedra Antonio Losada Diéguez, e algúns escritores galeguistas.

En Betanzos saíron ao paso do convoy grupos de correligionarios das "Irmandades" d'aquel pobo e do Ferrol, o mesmo que en Monforte, onde sumóuse aos expedicionarios Vicente Risco.

En Guisamo cumprimentou ao Dr. Leonardo Coimbra e aos seus compañeiros o profesor de Filosofía do Instituto da Cruña Dr. Johán V. Viqueira.

E alí foron tamén moitos irmaos da cidade herculina a agardar aos viaxeiros.

Na estación da Cruña achábanse o presidente do "Circo de Artesanos" e da "Asociación da Prensa" coruñesa, o presidente e segredario da Cámara Municipal, Sres. González Rodríguez e Martín Martínez, o Consello directivo da "Irmandade da Fala",

delegados da Academia Gallega, entr'eles o dramaturgo Lugo Freire e o poeta Eladio Rodríguez González, os directores das revistas "A Nosa Terra" e "Nós", o director e redactor xefe do "Correo Gallego", do Ferrol, Sres. Villar Ponte e Quintanilla, a directiva do coro "Cántigas da Terra" e tódol-os elementos do mesmo, un representante do Instituto General e Técnico da Cruña, outro da Escola Superior de Comercio, amén d'outras moitas persoas enviadas por centros e entidades de recreio e cultura.

A chegada do convoy c'os excursionistas foi saudada con aplausos e vivas a Portugal, Galiza, a Cruña e o Porto.

Feitas as presentacións o Dr. Leonardo Coimbra, a súa distinta esposa e o seu lindo meniño, c'o director do "Orfeón", o compositor Lusa, o poeta Alexandre de Córdova, e os artistas João Peralta e Octavio Sergio, unhos no "landeau" municipal e outros en coches, entr'os aplausos da multitudí dirixíronse ao centro da capital.

Foron recibidos no salón de festas do "Circo de Artesanos", onde repousaron un pouco. E onde repitíronse as aclamacións.

Pol-a tarde fíxose na plaza de touros o primeiro acto pol-o notabre Orfeón portuense. Presentouno n'un galano discurso o Dr. Leonardo Coimbra, que comoveu ao público co'a beleza da súa palabra, sendo ovacionado.

Seguidamente a interesantísima masa coral do Porto deumos a coñecer formosas pezas do seu repertorio. Os cantos populares portugueses — algunhos compostos pol-o notabre mestre Lusa — agradaron especialmente. O Orfeón foi moito aplaudido en xustiza, o mesmo que o competentísimo director Sr. Casimiro e que o mestre Lusa.

Ao seguinte día, pol-a noite, no teatro "Rosalía Castro" dou o segundo concerto o Orfeón. E no teatro inda pódose apreciar millor o mérito artístico grande da exquisita colectividade musical, honra da cidade portuense. Tamén agradou o disciplinado curso de declamación que "fixo" a peza cómica "Casarse para morrer".

A Conferencia de Leonardo Coimbra

O insigne pensador Leonardo Coimbra é tamén un maxistral espositor, un orador de primeira forza, que viste de xurdia espredideza e craridade nitida dos conceptos; escrarece e suxire, quer dicir: ensina. C'a posibilidade d'un profesor de moitedumes.

Na súa conferencia do Circo d'Artesanos en col do pensamento filosófico e poético de Portugal, espuxo ideas qu'asegun nos dixo, atópanse desenvoltas no seu libro no prelo "O pensamento filosófico de Antero de Quental", tése apresentada ó Congreso científico luso-hespañol que hai pouco se celebrou, de cuio libro coñecemos un excerto publicado na "Revista da Facultade de Letras do Porto".

O Dr. Coimbra sitúa a crise fundamental do pensamento portugués contemporáneo — reacción contra do positivismo que s'adonara de tódol-os miolos, reacción do pensamento autóctono portugués, volto á tradición étnica no pensamento poético e filosófico — nas figuras representativas de Sampaio Bruno e d'Antero de Quental... Esta crise e iste movemento son características do pensamento contemporáneo en tódol-os países, e o Dr. Coimbra foinos sinalando no pensamento de Bergson, de William James, dos neoidealistas alemás, demostrando ademais como Sampaio Bruno s'anticipou a todos iles, e como nel está, pódese dicir que resalta a grande autonomía que s'apresentara ós espíritos decepcionados do positivismo, que realmente lle tapaba o camiño á esperanza.

O obxetivismo positivista puña independente de nós a materia e a nós en dependencia d'ela; aínda o pensamento, aínda a razón era unha función da materia, e todo se resolvía n-un cego determinismo. E contra esto que o pensamento moderno se revolve. Mais por algunhas partes, il tende a voltar as cousas ó rivés, tende a voltar á esplicación do suxetivismo idealista dos alemás.

E eiquí é onde ven o papel do pensamento portugués, buscando a síntese n-unha esperencia que sexa racional e unha razón que sexa experimental, unha e outra consideradas com'unha constante creación, unha variación en continuidade, un eterno e creador dinamismo. Tal é o "criacionismo"—que o mesmo Dr. Coimbra sistematizou— desenvolvemento das ideas de Sampaio Bruno e d'Antero de Quental, resolución do dilema do espírito e da materia, do determinismo e da liberdade, o dilema fundamental da filosofía, n-unha verba.

Gra, o criacionismo estaba no pensamento portugués tal e com'il s'espresaba desde sempre na literatura, na arte, no folk-lore...

O criacionismo sabe vel-o mundo en infinda pluralidade, e opón á unidade estática do idealismo vello, á suprema unidade do Amor, que se da no infindamente vario, no infindamente diferenciado e concreto, como razón o seu dinamismo e da sua vida. O Amor toma d'iste xeito unha posición na filosofía.

E imposible restituír, n-estas liñas, a exposición luminosa que fixo o Dr. Coimbra, cheia d'alusións ós problemas de meirande actualidade na filosofía, vëndose coma as mais novas teorías centíficas, coma as novas conceucións do tempo e do espazo, as xeometrias non enchidas, o continuo matemático, a relatividade, etc., foran postas a contribución pr'alumeal-o camiño á conceución criacionista. A sólida cultura filosófica do insine profesor que soubo recoller os mais íntimos latexos do pensar contemporáneo e mais da psicoloxía do seu pobo, e dos seus pensadores coma Sampaio Bruno, e dos seus poetas que tamén son pensadores, coma onte Antero de Quental e hoxe Teixeira de Pascoaes, fai qu'a sua verba apareza chea de suxerencias estéticas, relixiosas e até de doutrina social d'un enorme valor.

Fois ben, o Dr. Coimbra conseguiu faguer que chegaran á yalma do público moitas d'estas cousas, pr'a caxeque todos por primeira vez ouvidas.

Un público que—pelo pouco que eiquí, desgraciadamente, s'atenda a estes estudos—tiña que carecer na sua maioría, de preparación filosófica, e mais, e, e todo o Dr. Coimbra fixo chegar a il os conceptos fundamentais nos que se basa a filosofía contemporánea. E pudo ver com'un público atento, vivamente interesado, enmeigado ademais pola sua verba xurdiá e brillante de mestre e de poeta, o comprendía y-ovacionaba entusiasmado.

ESPOSICION JOAO PERALTA-OCTAVIO SERGIO

Si o Portugal literario xa nos vai sendo coñecido d'algún tempo a esta parte, o Portugal artístico énos aínda compretamente arcano. Por iso a exposición d'istes dous ilustres artistas, vivo ademais o seu mérito intrínseco, que é grande de seu, outro mérito: o ser pra nós unha iniciación na Arte moderna do pobo irmán.

Vese que hai elí hoxe unha puxante vida artística, unha escola puramente portuguesa; mais o que de cando en cando nos ofrecían as revistas d'alen. Miño estaban lonxe de nos cferecel-a esperanza d'atoparmos co-algo tan serio e tan feito com'o qu'hoxe nos amosttran João Peralta e Octavio Sergio.

Truxeron co iles somentes moi poucos traballos, mais iles son d'abondo pra nos amosttral-as suas personalidades. Son dous artista moi novos, mais xa for-

mados, donos xa da sua arte e mais do seu significado do que nos teñen que dicir coela.

João Peralta, pintor xa ben coñecido na sua terra, pois xa ten feito exposiciós con éisito brillante no Porto e mais en Lisboa, ten na sua pintura todo o lirismo portugués, a fonda sentimentalidade lírica característica da nosa Raza, espresada n-unha arte limpa e sobria, feita e cuidada. E, coma se vé, un pintor de suxerencias literarias, d'unha branda soavidade, d'unha grande e sabia habilidade técnica.

Gran dibuxante, espon sobre todo, deseños, non somentes moi ben feitos, senon d'un grandisimo intrés. Son deseños esfumados, soaves, que teñen a mesma poética vaguedade, isa vaguedade tan suxerente de reconditeces espirituales como ten a poesía, por eixemplo do Teixeira de Pascoaes e que põe unha nota lírica propia en toda a literatura e a arte portuguesa e d'iste conceito non escriuimos naturalmente á nosa—e isto fai de João Peralta un pintor fortemente representativo.

Ten deseños de moitos xeitos: dende simples notas do natural nos que colle a feitura estética d'iste—dous galiños que ten, por eixemplo—até deseños de composición, d'unha modernidade primitivista, d'unha grande sinxeleza, d'unha depuración que o reduce todo ós rasgos espresivos sen acentualos, até chegar a unha expresión mística com'a que se ve n'illustraciós do libro de Leonardo Coimbra "Adoração" dos qu'espon tres. Eiquí, nos deseños de composición é onde se vé a indole literaria do xenio de João Peralta, o que pode faguer d'il un gran ilustrador de libros, aunqu'il diga que non pode, porque endexamais o pintor poderá enterpretar esautamente o pensamento do autor.

João Peralta espón tamén pequenos óleos qu'oferecen outro aspecto da sua arte. D'unha gran riqueza de cor, e d'unha gran fidelidade ó natural, n-ises óleos, João Peralta atina felismente a faguer decorativa e espresiva a realidade, coma por eixemplo en dous belisimos "interiores", e mais en algúns aspectos de ruas do Porto e Lisboa, nos que o pintor ardivo mais fortunado do que n-algunhas pequenas "mariñas".

João Peralta é ademais un retratista nada vulgar. Ademais d'un retrato a lapiz do Dr. Leonardo Coimbra, ecais non tan afinado com'os outros, espón dous mois bós en cor: un bellisimo de muller, e outro do gran poeta Teixeira de Pascoaes.

Octavio Sergio, pol-a sua parte, é un caricaturista da boa escola que n-algunhas cousas coma na "Tía María", por eixemplo, fainos lembrar do noso gran Castelar, v'indo co-esto a confirmal-o noso parentesco artístico cos portugueses, secuência do noso parentesco étnico e tradicional.

Quasementes, a observación dos caracteres raciais do pobo portugués é unha das cousas que se sinalan nas obras d'Octavio Sergio, coma nos "Porqueiros", que foi unha das cousas mais loubadas por todos os qu'acodiron ó Circo d'Artesanos a vel-a exposición. E qu'Octavio Sergio é un grande observador da realidade, e ten unha grande sinceridade artística pra pintala, e ademais sabe ser aun tempo espresivo e decorativo, e na sua parte decorativa, coñéceselle tamén o ter estudado a arte popular, que l'inspirou agás certos accesorios, moitas veces, se cadra, a mesma disposición das cores que nos seus cadrillos dicen tan ben ós ollos... Lembramos eiquí unha festa, da que fixo un friso decorativo, que ven de propóseto pró que queremos dicir.

Son de moitísimo intré tres ou catro estudos de cor que ten, escrusivamente de cor, prescindindo caxequ'ausolutamente da forma, dos que lembramos duas figuras de muller e unha d'home.

Boa mostra da importancia imensa que na pintu-

ra, ten a coor en sí, aínda arredada da forma. E qu' Octavio Sergio se deu conta perfecta d'esta verdade— que xa o Greco espuxera con gran escándalo do sogro de Velázquez: verdade na qu'están fundados o sofismo e o sincronismo—próbaos o qu'espoña estes estudos, nos que tanto intrínseco atopamos. Porqu'es a verdade estéteca na que s'entraña o principio musical da pintura, poda qu'estea chamada a dar froitos xurdidos precisamente n'estas terras de Galiza e Portugal, d'alma cheia de sentido da musicalidade, e c'unha paisaxe ademais toda coor por riba de todo.

E ista nota d'Octavio Sergio é a primeira que n'estas terras vemos feitas n'iste senso. E curioso que sexa n-un caricaturista, n-un cultivador por riba de todo da "liña" espresiva, por iso, elo nos di mais frecuentadamente que non somentes na liña está a espresión dos seres e das cousas...

Octavio Sergio ten ademais en todo unha feitura orixinal, moi sua e un humorismo moi noso.

Leonado Coimbra na "Irmandade"

O ilustre decano da Facultade de Filosofía e Letras do Porto, o xenial pensador, que é tamén deputado na Cámara portuguesa, honrou á "Irmandade da Fala" na Cruña co'a súa visita para tratar dos primeiros pasos conducentes ao establecemento d'un intertroque espiritual intenso e serio entre Portugal e a Galiza.

A xuntanza que ele presideu ha ser memorável. Na mesma achábanse os irmáos cruñeses máis significados e varios irmáos das restantes "Irmandades" da Terra. Levantóuse acta dos asuntos tratados e nos que se chegou a un acordo e dos nomes dos concurrentes ao acto.

Dende agora Leonardo Coimbra e outros ilustres intelectuales portugueses facerán nas nosas revistas informacións periódicas sob'as artes e as ciencias do seu país. E Vicente Risco, Viqueira e algúns outros galegos informarán sob'ro noso cultural ás revistas lusas máis importantes.

Quedou tamén organizado o comenente para establecer a venda de libros galegos en Portugal e de libros portugueses en Galiza. E planeóuse a prosecución do intertroque que xa iniciamos, con unha semana portuguesa na nosa Terra y outra semana galega no Porto e quizais en Lisboa.

Ora poderán, pois, decatarse os lectores do moito interesante que foi a visita do Orfeón portuense e das significadas persoas que na súa campaña viñeron á Cruña.

Agasallos

A "Irmandade da Fala" da Cruña e as representacións das outras da Patria pue fixeron cto de presenza na capital agasallaron con un xantar íntimo ao doutor Leonardo Coimbra, ao poeta Alexandre de Córdova, ao Sr. Casimiro e aos artistas Peralta e Octavio Sergio. A este xantar concurriron algunhas donas da "Irmandade Femenina" para darlle compañía á distinta esposa do eminente autor de "Crucifixionismo".

Ofereceu o agape, en nome de tódol-os nacionalistas galegos o Dr. Xaime Quintanilla, quen tivo notables párrafos falando do atlantismo e da "saudade".

Logo ergueu a súa copa dec ampagne pronunciando un sentido brindis o inspirado poeta Alexandre de Córdova. E tras d'unhas oportunas palabras do Sr. Lúgris Freire, cerrou o acto c'unha improvisación brillantísima Leonardo de Coimbra. Nada máis elocuente, máis esquisito, profundo e sentimental. "Só por viver ista hora—dixo o grande pensador— merecería a pena ter nascido".

Finalmente tódol-os comensaes, postos en pé, cantaron o himno nacional galego, mentres o señor Carballe lle daba un abrazo a Leonardo Coimbra moi simbólico e a distinta e amabel esposa daquel xenial artista da palabra, contaxiada co'a emoción dos concurrentes abrazaba á súa vez a dúas donas galegas.

Os notables e simpáticos artistas João Peralta e Octavio Sergio tamén foron agasallados c'un xantar íntimo por un grupo d'escriitores e artistas nacionalistas. E logo convidados a ollar as cousas máis importantes da Cruña.

Na noite serena

Despois de se rematar a festa do Orfeón portuense no "Teatro Rosalia", o coro cruñés "Cántigas da Terra" deu unha serata ao doctor Leonardo Coimbra e os Sres. Leça e Casimiro, frente ao "Palace Hotel", onde agúes hospedábanse.

Era máis da unha da noite. Miles d'almas escotaban a serata. A espléndida avenida dos Cántigos achabase cheia de xentes. Cando o coro "Cántigas da Terra" esgotou o repertorio púxose a entonar o himno nacional galego. Tódal-as cabezas descubriéronse como movidas por un resorte. E as estrofas do himno ouvíanse craramente:

¡...Non des a esquentamento
da inxuria o rudo encono,
desperta do teu sono
nazón de Breogán.
¡A nobre Lusitania
os brazos tende amigos
aos eidos ben antigos
con un punxente afán;
e cumpre as vagedades
dos teus soantes pinos,
d'uns máxicos destinos
nazón de Breogán...!

E cando o coro romatou e os aprausos atronaban a ar encalmado, Leonardo Coimbra, dende o "Hotel", dirixiu a palabra ás masas. Foi un momento emocionante, inolvidable, fermoso. A voz do insigne pensador, cristalina, ampla, forte, limpiísima, enchía o espazo até moí fonxe. E a voz envolvía conceptos profundos ateigados de sentimento. Leonardo Coimbra, todo a vibrar como un león de melena alporzada, c'unha elegancia de xesto pasmosa, con mil cousas poéticas deitando dos seus labios, conquireu para sempre o corazón de todos. E tódal-as maos batiron. E miles de maos batendo e miles de gargantas a gritar ¡viva o xenial Leonardo Coimbra! ¡viva Portugal irmao! coroaron momento tan inequiescente, que pechou aínda esta frase síntese: ¡vivan Portugal e Galiza unidos!...

A despedida

Foi como a chegada. C'os mesmos elementos que á chegada. Somentes que na mañán da chegada a alegría andou a bulir nos peitos, e na tarde na partida a mágoa da separación, a pena do arredamento dos uns e dos outros irmáos, poñía néboas melancólicas, brétemas saudosas nas almas de galegos e portugueses que se abrazaban con fondo cariño.

E cando asubiu o convoi, sonaron aplausos e vivas. E cando o convoy arrancou, aplausos, vivas, tremelar de lenzos no ar... As donas da "Irmandade da Fala" agasallaron c'un fermoso "bouquet" de rosas brancas c'os coores da bandeira portuguesa á esposa do Dr. Leonardo Coimbra e con caixas de bombóns ao menino do distinto matrimonio.

Tamén a "Irmandade da Fala", dedicoulle un lazo cos coores das bandeiras galega e lusitana ao pendón da notabre masa coral portuense.

Logo trasmitiu saudos cariñosos dando conta dos actos celebrados na Galiza a mesma "Irmandade", ao presidente da República portuguesa, ao ministro de Instrucción pública, ao presidente da Cámara municipal do Porto, ao rector da Universidade portuense e ó ministro de Negocios Estranxeiros, así como ao "Primeiro de Janeiro" e o "Jornal de Noticias", ambos diarios da cidade do Douro.

Eis unha síntese sinxela do que foi a visita do Orfeón do Porto á Cruña.



ALVARO
CEBREIRO

Inda que xa temos publicado n'este boletín a caricatura de Teixeira de Pascoaes, hoxe reproducímola ao dedicarlles o presente número aos irmaos portugueses que nos visitaron, porque na memoria nosa e dos nosos visitantes estivo sempre aceso o recordo do gran poeta cujo nome é moito familiar nas terras galegas, onde se lle considera como mestre e irmao maior de todos.

Teixeira de Pascoaes ten un culto nos corazóns dos mozos da Galiza. Para nós é como un símbolo luminoso.

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximum d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

A GALIZA

A modo de velho cantar

Que Castela e castellanos
todos n-un montón, a eito,
non valen o que unha herbífla
destes nosos campos frescos.
(Trova galega)

O'Galiza dos verdes prados,
tan irmão dos nosos, por Deus abençoados,
—deixa Castela e vem a nós!

O'Galiza, Galiza dos campos froridos,
por Deus abençoados, por vós tan queridos,
—deixa Castela e vem a nós!

O'velha aGlicia dos cantares amados,
tan irmãos dos nosos, tam bem suspirados,
—deixa Castela e vem a nós!

Galiza soidosa dos cantares sentidos,
se es tan longe "d'eles", vem aos teus amigos,
—deixa Castela e vem a nós!

Alfonso LOPES VIEIRA.

(Tomado do número 30 de A NOSA TERRA)

Propaganda nazionalista

Unha conferencia en Betanzos

Na "Irmandade da Fala", de Betanzos, dou unha conferencia noso querido irmao Vicente Risco.

Fixo a presentación do conferencianle o primeiro conselleiro Sr. Ramos.

Vicente Risco comenzou deseñando unha lixeira síntese do programa nazionalista galego con indicación das nosas arelas no ordem político, no cultural e no pedgórico.

Logo entrou no tema "Pobos burgneses e pobos proletarios", demostrando como existen ambas categorías.

Como tencionamos publicar n'outros números cá-sique íntegra a conferencia interesantísima do irmao Risco, hoxe non falamos mais d'ela.

por Deus abençoados, por vós tan queridos,

Á veira do Miño



FEPRE OORUNA

O RAPÁZ: ¿E logo os da veira d'aló son máis extranxeiros que os de Madrid?
(Non se soupo o que lle respondeu o vello.)

A Autonomía universitaria

Xa lle foi concedida á Universidade de Santiago a autonomía. Xa dende agora poderá rexirse autónomamente. Dende agora, pois, si queren os seus directores, logrará ser útil para a cultura da Terra.

Era aquela Universidade unha de tantas fábricas de licenciados como hai na Hespaña. Unha cousa morta e fría sin influxo algún sobre o pobo.

No adiante podería trocarse n'un emporio de cultura galega; mas de cultura viva, forte, punxente, si houbera patriotismo e conciencia do deber nos cabezoleiros e persoeiros da mesma.

Agardamos a ver se isa autonomía, posta en maos do cláustro actual, serve para algo máis que para facer nombramentos de empregados e funcionarios.

E traballaremos canto poidamos para que a Universidade de Santiago, acabe convertíndose na Universidade galega que todos cubizamos.

N'unha Universidade aberta á vida da terra, puleadora das nosas enerxías e criadora d'unha cultura propia.

Lea vostede

A NOSA TERRA

O acto cultural galego de Mondariz

O concurso organizado pol-a revista "Mondariz" deu excelentes froitos. Os irmaos Peinador, estes verdadeiros aristócratas da espiritualidade galega, estes cabaleiros amigos, exemplo de patriotas, que xa herdaron do pai—aquel varon venerábel—o culto á Terra e ás cousas da Terra, poden sentirse satisfeitos. Nós, que os queremos co'a alma e os admiramos realmente, facemos propio o novo éxito conquistado pol-os grandes señores de Mondariz.

Levaron premios, como xa sabedes, o querido irmán Peña Novo e o distinto pintor Calros Sobriño. O de Pena Novo, por unha lumiosa memoria, que fai un libro notabre, sobre o tema "A Mancomunidade galega". O de Sobriño sobre a "Casa da Galiza". Ambos traballos hánse de imprentaren axiña en sendos volumes, e, pol-o mesmo, hoxe non compre falarmos deles.

Agora queremos dicir duas palabras respétito da festa solene que con motivo da entrega dos premios aos autores laureados ténse feito no rexio salón do espléndido Balneario. N'esa festa, á que concorriron convidados moitos escritores e artistas galegos, despois d'unhas axeitadísimas verbas do querido irmán José Rodríguez de Vicente, e da lectura que

este fixo d'algús capítulos das memorias premiados, o señor Martín Martínez, secretario da Cámara municipal da Cruña, pronunciou un discurso eloquentísimo, falando do problema nacionalista da nosa Terra, que aparelhou c'ó d'a Irlanda e o da Cataluña e no que tivo unha xusta e oportuna lembranza, para o inequiescente tribuo Rodríguez Martínez.

O discurso do Sr. Martín, foi moito aplaudido.

Adheríronse á festa, moitos homes significados da Galizia, Tamén enviaron mensaxes notables Martínez Ferrando, en nome dos nacionalistas valenciáns, e Ribera e Rovira, en nome dos nacionalistas de Cataluña.

O ano derradeiro, houbo en Mondariz unha solenidade académica; este ano, unha solenidade cultural interesantísima. ¿Que idearán para o vindeiro os ilustres e admirables patriotas Sres. Peinador?

No nome de tódol-os "bos e xenerosos" nós saudamos con fendo agrimo a tan exemprares amigos.

Irlanda por dentro y por fuera

A "Delegación da República Irlandesa" en Madrid acaba de editar un folletinho en idioma castelán c'ó título de "Irlanda por dentro y por fuera" e que tivo a amabilidade de nos enviar un exemplar. Tráxase d'un artigo firmado por E. A. no que de maneira crara define admirablemente todo o problema irlandés.

E un folleto moito intresante e vése n-el a grande somellanza que o nazonalismo irlandés téñ. c'ó nazonalismo galego. Moitos aspectos que trata este intresante folleto, foron xá ouxeto de estudo por algúns irmáns nosos en relación c'ó Galiza. Felicítamos á Delegazón irlandesa e confiamos como eles na próxima e indiscutible libertade da nazon irmá.

PENEIRANDO

O alto comisario da Hespaña en Marrocos, dixo que as colonias cando chegan á maoria d'idade teñen dereito a se emanciparen.

Galiza é unha colonia de Castela.

Pois cando chegue á maoria d'idade...

Na Hespaña actualmente entrou a furia dos hospitaes. Tódol-os pobos ofrecen organizar hospitaes.

A pademia dos hospitaes anda por todas partes.

Hespaña enteira parez querer convertirse en un hospital.

¿Queredes cousa de pior agoiro?

Nin Franza, cando a gran guerra, inda tendo millóns d'hommes sob'as armas e loitando con nemiños perigosos pensou tanto na hospitalización.

O presidente do "Circo d'Artesanos" e da "Asociación da Prensa", da Cruña, que é unha soia persoa, puxo no ridículo ás colectividades que repersenta, con motivo da visita dos portugueses á cidade herculina.

Nin foi á festa do Orfeón do Porto n'ó teatro, nin acudea á estación a despedir aos forasteiros.

Mas hai que llo dispensare porque él ignora quen é o doctor Leonardo Coimbra, coma o probou ao intentar presentalo.

Inda que axiña—sendo nemiño de tod'ó enxebre, e sintindo desder pol-a nosa lingua—vai ser admitido na Academia Gallega.

Haivos cousas que arripián. Pra xa falaremos d'esto canto ó comenente.

"Picorete", que xa é un morto, dende ultratumba, enviou á "Voz de Galicia", un artigo que fixo reir a cantos o léron.

N'él baraxa nomes ao tun tun. Fala de nazonalismo rexional; d'equivocos perigosos, de que nós non comprendemos a Teixeira Pascoaes, e de moitas parvadas pol-o xeito.

Pobre "Picorete" condanado a facer sempre o ridículo!

El Rei, din que lles pediu aos ministros que atendan aos problema da Galiza, agora que non hai ningún ministro galego no seu Consejo.

¿Queredes condanación mais seria dos ministros e exministros galegos feita con o maor humorismo?

Pois sí a isto engadimos que Cambó, un catalán, cando non hai ningún ministro galego no Poder, impón o decreto de Besada, que os nosos caciques non querían, ¿quen pode dudar xa con tanta razón vimos pido dende sempre o rescollimento de tódol-os políticos de a nosa Terra?

O tempo é o millor xuez.

Din que o decano da Facultade de Dereito da Universidade compostelana tense oposto rexamente a que se l'otorgue Bugallal un "victor" naquel centro.

Pasa pol-o de Besada; mas pol-o outro non. Coida o decano de referencia que Bugallal nunca bñ algún lle fixo a Galiza. En troques mal...

Tip. EL NOROESTE. Coruña.

V^{da} de H. Hervada

Casa Fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES

MAQUINARIA AGRICOLA

PEDRAS Francesas PRA MUIÑOS

ETC., ETC.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE pra Habana e Veracruz

Vapor **FLANDRE** 18 de Setembro
" **CAROLINE** 30 de id.

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	950	1.010

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda	"	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia	"	950	1.010
TERCEIRA CRAS	"	550	600

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPAGNIA CHARGEURS REUNIS

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dobre hélice

Prezo en 3.^a cras

12 de Setembro	SALLANDROUZE	534'75 pesetas
19 de id.	SIERRA VENTANA	534'75 »
3 de Outubro	BELLE ISLE	534'75 »

Prezos en cámara para o vapor «**SIERRA VENTANA**»:

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase	"	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase	"	825		825	825	825	825

Prezos en cámara para o vapor «**BELLE ISLE**»:

		Pernambuco	Rio Janeiro	Santos	Montevideo	Buenos Aires
En primeira crase	Ptas.	1.600	1.800	1.850	2.075	2.150
En segunda crase	"	825	825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: **CHARGEURS**